

Informe do seguimento da programación didáctica

Ano académico: 2023/2024

Tipo: Programación Didáctica LOMLOE (Modelo 10-may-2022 8:20:39)

Centro: CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro

Materia: Lingua galega e literatura - 2º Educación primaria

Réxime: Réxime xeral-ordinario

Seguimento unidades didácticas

UD1: As vacacións de verán

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	25/09/2023	13/11/2023	16	22	Alto

Propostas xerais de mellora: Aínda que o desenvolvemento da unidade foi seguindo o proceso programado, obsérvase a necesidade de consolidar o proceso lectoescritor e reforzar e/ou mellorar a comprensión lectora.

Observacións: O inicio e desenvolvemento da unidade estivo marcado por priorizar o reforzo de contidos básicos do proceso lectoescritor. Isto leva consigo que, aínda que esta unidade fora desenvolvida de maneira exitosa, as posteriores veranse modificadas e flexibilizadas en canto á temporalidade.

UD2: Unha receta orixinal

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A	15/11/2023	20/12/2023	16	18	Medio

Propostas xerais de mellora: Reforzo de aspectos básicos do proceso lectoescritor para que se adquiren de maneira significativa.

Observacións: O desenvolvemento desta unidade non foi completado no prazo establecido debido ó atraso no comezo da anterior polo reforzo de contidos precisos para desenvolverse de maneira axeitada.

UD3: Que boa idea!

Grupo	Data inicio	Data fin	Sesións previst.	Sesións realiz.	Grao cumpr.
A			16	0	Baixo

Propostas xerais de mellora: Prever a posible necesidade de reforzar contidos básicos para o pleno desenvolvemento da materia nos primeiros meses, programando menor carga de contidos para o primeiro trimestre e repartíndose o excedente nos seguintes, xa cunha base firme que permita desenvolver de maneira axeitada os contidos propostos.

Observacións: Esta unidade non se puido desenvolver debido ó atraso no comezo da primeira polo reforzo de contidos precisos para desenvolverse de maneira axeitada.